

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

3375 *Orde HAP/535/2015, do 19 de febreiro, pola que se regulan a organización e o funcionamento do Rexistro de órganos de representación do persoal na Administración xeral do Estado.*

O artigo 13 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, crea no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas un rexistro de órganos de representación do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e dos seus organismos, axencias, universidades e entidades dependentes.

A creación do dito rexistro realízase con obxecto de que nel se inscriban ou anoten os actos adoptados no seu ámbito que afecten a creación, modificación e supresión de órganos de representación do persoal funcionario, estatutario ou laboral: xuntas de persoal, delegados de persoal, comités de empresa e comités de seguridade e saúde; número e identidade dos membros dos citados órganos, así como as variacións que se produzan respecto deles; creación, modificación ou supresión de seccións sindicais, así como número e identidade dos correspondentes delegados; cesións de créditos horarios legal ou convencionalmente establecidos que dean lugar á dispensa total ou parcial de asistencia ao traballo; e liberacións institucionais que deriven, de ser o caso, do disposto en normas, pactos ou convenios e calquera modificación na obriga ou no réxime de asistencia ao traballo que poida derivar do establecido en disposicións legais e convencionais que resulten de aplicación.

Por outra banda, o número 7 do citado artigo 13 atribúe ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias, a potestade de adoptar cantas ordes, instrucións ou disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do establecido no mencionado precepto.

De conformidade co exposto, esta orde dítase co obxecto de establecer as normas de organización e funcionamento do referido Rexistro de órganos de representación de persoal ao servizo da Administración xeral do Estado.

Esta orde consta de trece artigos distribuídos en cinco capítulos, catro disposicións adicionais, dúas disposicións derradeiras e un anexo.

O capítulo I, disposicións xerais, comprende os artigos 1 e 2, nos cales se definen o obxecto da norma e o seu ámbito de aplicación.

O capítulo II refírese á organización do Rexistro e comprende os artigos 3 a 5, nos cales se declara que o Rexistro depende da Dirección Xeral da Función Pública, se enumeran as seccións en que se organiza e se determina que a xestión do Rexistro se realiza de forma descentralizada, identificando as funcións que corresponden en exclusiva á Dirección Xeral da Función Pública e aquelas que se atribúen ao resto de órganos de xestión.

O capítulo III, asentos rexistrables, comprende os artigos 6 a 8, no cales se regulan cales son os actos rexistrables, as súas clases e a súa natureza e efectos.

O capítulo IV ten por obxecto o procedemento de inscrición, regulado nos artigos 9 a 12, e contén a regulación dos responsables de realizar as comunicacións, os prazos para a dita realización, o procedemento de reparo das anotacións e os sistemas de acreditación da identidade e sinatura que poden utilizar os responsables de realizar as comunicacións.

O capítulo V ten por obxecto información sobre os datos do rexistro. Nel intégrase o artigo 13, relativo á protección e ao acceso aos datos do Rexistro.

Finalmente, o proxecto contén catro disposicións adicionais relativas ao réxime de comunicacións; organismos non incluídos no ámbito da Mesa Xeral de Negociación da

Administración Xeral do Estado; prohibición de que o desenvolvemento da orde implique un incremento do gasto público, e as facultades de control. Contén, así mesmo, dúas disposicións derradeiras sobre facultades de desenvolvemento e entrada en vigor da norma.

O Rexistro configúrase como un instrumento de xestión que deberá proporcionar a esta Administración unha información exhaustiva e actualizada de todos os datos relativos aos órganos de representación do persoal que no seu ámbito se constitúan, coa finalidade de facilitar o exercicio das funcións que teñen legal e convencionalmente atribuídas, así como evitar posibles situacións de heteroxeneidade, dispersión e desaxustes na xestión ordinaria destas materias. Este rexistro, polo tanto, constitúe o instrumento de xestión no cal se inscribirán os actos relativos ao exercicio de dereitos derivados da representación do persoal ao servizo da Administración, de tal modo que estes dereitos sexan exercidos conforme o contido da súa inscrición no dito rexistro.

Desde un punto de vista organizativo, considerouse conveniente adscribir o mencionado rexistro á Dirección Xeral da Función Pública por ser o centro directivo que ten as competencias xerais en materia de relacións sindicais no ámbito da Administración xeral do Estado. Dentro do marco de competencias de coordinación e control que neste sentido esta orde lle atribúe a aquela dirección xeral, a xestión do Rexistro realizarase de forma descentralizada.

Con carácter previo á aprobación da presente orde ministerial foron consultadas as organizacións sindicais máis representativas e emitiu informe a Axencia Española de Protección de Datos.

Por canto antecede, en cumprimento do previsto no artigo 13.2 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 1 do Real decreto 256//2012, do 27 de xaneiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto regular a organización e o funcionamento do Rexistro de órganos de representación do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O ámbito do Rexistro será o correspondente á Administración xeral do Estado, aos seus organismos, axencias, universidades e entidades de dereito público dependentes dela.

2. Sen prexuízo da súa inclusión no ámbito do Rexistro, para os organismos, universidades e entidades de dereito público non incluídas no ámbito da Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado prevista no artigo 36.3 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, observarase o recollido na disposición adicional segunda.

CAPÍTULO II

Organización

Artigo 3. *Dependencia e instalación do Rexistro.*

1. O Rexistro de órganos de representación do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado depende da Dirección Xeral da Función Pública, á cal lle corresponden a súa coordinación e o seu control.

2. Son órganos de xestión do Rexistro os competentes en materia de recursos humanos dos departamentos ministeriais, delegacións e subdelegacións do Goberno, o competente en materia de relacións laborais da Dirección Xeral da Función Pública e os dos organismos públicos que, de ser o caso, se determinen de conformidade co establecido na disposición derradeira segunda desta orde.

3. Os sistemas informáticos que, de ser o caso, dean soporte ao Rexistro garantirán a inalterabilidade e permanencia dos seus datos, así como o cumprimento das medidas de seguridade recollidas no título VIII do Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro.

Artigo 4. *Organización.*

O Rexistro organizarase nas seguintes seccións:

- a) Dispensas de asistencia ao traballo.
- b) Órganos de representación do persoal funcionario, estatutario ou laboral, e os seus membros.
- c) Centros de traballo, seccións sindicais e delegados sindicais.
- d) Comités de seguridade e saúde e delegados de prevención.
- e) Mesas xerais, sectoriais e órganos descentralizados de negociación dependentes delas: mesas e subcomisións delegadas.

Artigo 5. *Xestión.*

1. A xestión do Rexistro realízase de forma descentralizada.

2. Correspóndenlle en exclusiva ao órgano da Dirección Xeral da Función Pública competente en materia de relacións laborais:

a) As inscricións e anotacións referentes ás dispensas de asistencia ao traballo derivadas dos acordos e pactos subscritos en materia de asignación de recursos e estruturas de negociación e participación, en cumprimento do previsto no artigo 10 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

b) A inscrición das unidades electorais en que, conforme o establecido polo artigo 12 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, se deban elixir órganos de representación do persoal funcionario, laboral ou estatutario e as anotacións referidas á súa supresión ou á modificación das súas características.

c) As inscricións de centros de traballo, para efectos do establecido no artigo 10 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e as anotacións referidas á súa supresión ou á modificación das súas características.

d) As inscricións dos comités de seguridade e saúde e as anotacións referidas á súa supresión ou á modificación das súas características.

e) As inscricións dos datos relativos ás mesas xerais, sectoriais, mesas e subcomisións delegadas legalmente constituídas, así como as anotacións referidas á súa supresión ou modificación, en relación coas dispensas e cos créditos horarios que teñan asignados.

f) A determinación dos sistemas de identificación necesarios para a utilización do Rexistro, así como a concesión, aos usuarios dependentes dos seus órganos xestores, das correspondentes autorizacións e claves de acceso.

3. Corresponderalles aos órganos competentes en materia de recursos humanos dos departamentos ministeriais, organismos e delegacións e subdelegacións do Goberno, de acordo cos números 1 e 2 do artigo 13 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, a realización dos asentos referidos aos órganos de representación e aos dos seus membros, os relativos aos das seccións sindicais e aos seus delegados, así como aqueles que se refiran aos comités de seguridade e saúde e aos seus delegados de prevención.

4. Así mesmo, corresponderalles aos ministerios e organismos, de ser o caso, a realización dos asentos relativos ás mesas e subcomisións delegadas.

CAPÍTULO III

Asentos rexistrados

Artigo 6. *Actos rexistrables.*

1. Serán obxecto de inscrición ou anotación neste rexistro os actos que, adoptados no ámbito establecido no artigo 2 desta orde, afecten as materias seguintes:

a) Determinación de unidades electorais nas cales se deban elixir órganos de representación do persoal funcionario, estatutario ou laboral, e creación, modificación e supresión dos ditos órganos de representación.

b) Resultado das eleccións celebradas aos citados órganos e número e identidade dos seus membros, así como as variacións que se produzan respecto deles, para os efectos dos dereitos sindicais que deles poidan derivar.

c) Creación, modificación e supresión de centros de traballo para efectos do artigo 10 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto.

d) Creación, modificación ou supresión de seccións sindicais, así como número e identidade dos correspondentes delegados.

e) Creación, modificación ou supresión de comités de seguridade e saúde, así como número e identidade dos correspondentes delegados de prevención.

f) Crédito dispoñible dos membros dos órganos colexiados de representación do persoal, delegados de persoal e delegados sindicais, e as cesións e acumulacións de créditos horarios legal ou convencionalmente establecidos.

g) Dispensas de asistencia ao traballo.

h) Creación, modificación e supresión de mesas e órganos de negociación, os créditos horarios que estes teñan atribuídos, así como o número e a identidade dos seus beneficiarios.

i) Acordos polos cales se recoñezan créditos horarios ou outros dereitos sindicais que se poidan establecer en relación co previsto no artigo 10 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, así como a autorización previa que deles debe realizar a Dirección Xeral da Función Pública nos termos establecidos polo artigo 25 da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2014.

2. En relación co disposto na alínea d) do punto anterior, inscribíranse ou anotáranse unicamente os datos relativos ás seccións sindicais e aos seus correspondentes delegados cando dean lugar aos créditos horarios previstos pola Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, ou outros que deriven da aplicación da normativa convencional, pactos ou acordos que correspondan. Para os mesmos efectos, inscribíranse os datos relativos ás mesas xerais, sectoriais, mesas e subcomisións delegadas.

3. Nos actos rexistrables dos supostos das alíneas b), d), e) e h) do número 1 deste artigo deberase incluír a variable de sexo naqueles que recollan estatísticas e/ou datos.

Artigo 7. *Clases de asentos rexistrados.*

1. Os asentos rexistrados adoptarán a forma de inscricións e anotacións.

2. Consideraranse como inscricións os asentos en cuxa virtude se produza a constancia no Rexistro por primeira vez de calquera dos actos rexistrados recollidos no artigo 6.

3. Terán o carácter de anotación os restantes asentos rexistrados. Estes integraranse no Rexistro de forma que se estableza a súa vinculación coas correspondentes inscricións.

Artigo 8. Natureza e efectos dos asentos rexistrados.

1. No caso dos delegados sindicais e dos representantes do persoal laboral ou funcionario observárase, respectivamente, o disposto na Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, no texto refundido do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo; na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e demais normas que resulten de aplicación. Nos restantes casos, as resolucións adoptadas necesitarán da inscrición ou anotación no Rexistro para produciren efectos.

2. A inscrición ou anotación de actos e resolucións no Rexistro de órganos de representación do persoal non validarán os contidos ilícitos ou irregulares que os ditos actos e resolucións poidan conter.

CAPÍTULO IV

Procedemento de inscrición

Artigo 9. Responsables de realizar as comunicacións.

1. Os actos previstos no artigo 6, ordinal primeiro, alíneas a), c), e), g), h) e i), serán comunicados polo órgano da Dirección Xeral da Función Pública competente en materia de relacións laborais ao Rexistro para a súa oportuna inscrición ou anotación, salvo o establecido nos números 3 e 4 deste artigo respecto dos actos recollidos nas alíneas e) e h).

2. Os actos previstos no artigo 6, ordinal primeiro, alínea b), serán comunicados segundo corresponda, pola Mesa Electoral, polo secretario do órgano de representación co visto e praxe do seu presidente, ou polos delegados de persoal, ao correspondente órgano de persoal para a súa posterior remisión por este ao Rexistro.

A comunicación de resultados electorais deberá ir acompañada de copia da acta electoral debidamente rexistrada onde consten tanto os resultados obtidos polas distintas candidaturas como a relación nominal dos candidatos electos.

3. Os órganos de representación unitaria comunicaranlle ao órgano de persoal a identidade dos delegados de prevención mencionados no artigo 6, ordinal primeiro, alínea e). Os comités de seguridade e saúde comunicaranlle ao dito órgano de persoal a súa constitución.

4. As organizacións sindicais deberánlle comunicar ao correspondente órgano de persoal os actos previstos no artigo 6, ordinal primeiro, alínea d). Igualmente, deberánlle comunicar ao mesmo órgano a identidade dos beneficiarios dos créditos horarios derivados das mesas e dos órganos de negociación referidos na alínea h) do dito artigo, así como a identidade daqueles delegados sindicais designados como delegados de prevención nos supostos en que así se prevexa convencionalmente.

Para estes efectos, as organizacións sindicais designarán ante o dito órgano un responsable da realización das ditas comunicacións.

5. Os titulares de créditos horarios que teñan a condición de delegados sindicais ou a de membros de órganos de representación comunicaranlle ao correspondente órgano de persoal os actos de cesión e acumulación dos créditos horarios previstos na alínea f) do artigo 6.1 para a súa posterior remisión por este ao Rexistro.

Artigo 10. Prazos de comunicacións, inscricións e anotacións.

1. O correspondente órgano de persoal ou de relacións laborais disporá dun prazo máximo de tres días hábiles para comunicar ao Rexistro os actos que deban ser obxecto de inscrición ou anotación, contado o dito prazo desde o día seguinte a aquel en que a este lle sexan comunicados nos termos establecidos no artigo anterior.

2. As inscricións e/ou anotacións no Rexistro serán realizadas polos responsables da súa xestión no prazo máximo de cinco días hábiles contados desde o día seguinte ao da comunicación referida no punto anterior.

Artigo 11. *Reparo da inscrición ou anotación.*

1. Cando da comunicación realizada se deduzan posibles vicios de legalidade, o Rexistro porao en coñecemento do órgano de persoal ou de relacións laborais de que proceda, que disporá dun prazo de cinco días hábiles desde a comunicación do reparo para efectuar, de ser o caso, e coa oportuna comunicación aos interesados, as correccións pertinentes para a súa emenda; suspenderase a obriga de realizar o correspondente asento no Rexistro ata que esta se produza.

2. En todo caso, a Dirección Xeral da Función Pública poderá instar o órgano responsable da xestión do Rexistro para a rectificación de calquera asento rexistral nos casos en que non se adecue á normativa vixente ou á regulación contida en calquera pacto, acordo, convenio ou calquera outro instrumento de carácter convencional. O dito responsable deberá proceder no mesmo prazo e co mesmo procedemento recollidos no punto anterior.

Artigo 12. *Acreditación da identidade.*

Os responsables de realizar comunicacións a que se refire o artigo 9 poderán usar os seguintes sistemas de identificación e sinatura, de acordo co establecido no artigo 13.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos:

a) O sistema de sinatura electrónica incorporado ao documento nacional de identidade en todo caso.

b) Sistemas de sinatura electrónica avanzada baseados en certificado electrónico recoñecido, sempre que estes fosen admitidos conforme o establecido nos artigos 15.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e 23.3 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos.

CAPÍTULO V

Información sobre os datos do Rexistro

Artigo 13. *Protección e acceso aos datos do Rexistro.*

1. Con periodicidade semestral, a Dirección Xeral da Función Pública elaborará un boletín estatístico, sen que figuren datos de carácter persoal, no cal se recollerá a información agregada básica que consta no Rexistro, información que en ningún caso fará posible a identificación directa ou indirecta dos titulares e beneficiarios individuais dos créditos horarios e permisos sindicais obxecto de inscrición.

2. En cumprimento do previsto no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, créase o ficheiro de datos persoais «Rexistro de órganos de representación do persoal e outros recursos sindicais», recollido no anexo desta orde, cuxa titularidade corresponde á Dirección Xeral da Función Pública, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, con domicilio na r/ María de Molina, n.º 50, 28071 Madrid.

Disposición adicional primeira. *Réxime das comunicacións.*

As comunicacións previstas nesta orde efectuaranse por escrito e de forma preferente a través de medios telemáticos, garantindo en todo caso a súa seguridade e confidencialidade.

No caso de que as ditas comunicacións se refiran a datos relativos á afiliación sindical, resultará de aplicación o previsto no artigo 104 do Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro.

Disposición adicional segunda. *Organismos, universidades e demais entidades de dereito público non incluídas no ámbito da Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado.*

1. Os organismos, as universidades e as demais entidades de dereito público a que fai referencia o ordinal segundo do artigo dous desta orde xestionarán, a través do instrumento ou ferramenta informática que para o efecto establezan, as inscricións ou anotacións daqueles actos que, segundo esta orde, teñan o carácter de rexistrables, e que afecten o seu ámbito de actuación.

2. Os referidos entes deberán remitir con periodicidade semestral á Dirección Xeral da Función Pública, a través do sistema que se estableza, a información dos asentos que realizen.

3. Corresponderanlles aos órganos de dirección dos organismos, universidades e demais entes do sector público afectados por esta disposición adicional as competencias e funcións que nos artigos 5, 9.1, 11.1 e 12 desta orde se atribúen en cada caso á Dirección Xeral da Función Pública, aos ministerios, aos organismos, ás delegacións e ás subdelegacións do Goberno.

4. En todo caso, a Dirección Xeral da Función Pública poderá instar o órgano responsable da xestión do Rexistro á rectificación de calquera asento rexistral nos casos en que non se adecuen á lexislación vixente ou á regulación contida en calquera pacto, acordo, convenio ou calquera outro instrumento de carácter convencional que estivese afectado ou comprendido polo disposto no artigo 27 da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2013.

Disposición adicional terceira. *Non incremento do gasto público.*

O desenvolvemento desta orde atenderá aos criterios de racionalización, de economía no gasto público e de eficacia, encamiñados a unha ordenada xestión, e non implicará incremento de gasto público.

Os medios e gastos materiais que en cada caso sexan necesarios para o dito desenvolvemento serán proporcionados polos departamentos ministeriais con cargo aos créditos xa existentes.

Disposición adicional cuarta. *Facultades de control.*

1. A Secretaría de Estado de Administracións Públicas poderá solicitar dos subsecretarios dos departamentos ministeriais que inclúan, nos correspondentes plans e programas de Inspección do Ministerio, o control do cumprimento da xornada e dos horarios de traballo do persoal que desfrute de calquera dos créditos horarios que deban ser obxecto de asento no rexistro regulado nesta orde. Así mesmo, a Secretaría de Estado poderá solicitar dos departamentos ministeriais a remisión dun informe, de carácter trimestral, sobre o mencionado cumprimento.

2. A Intervención Xeral do Estado, no marco das competencias que ten atribuídas, efectuará o control das retribucións do persoal comprendido no ámbito de aplicación desta orde, segundo o establecido no artigo 157 e seguintes da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición derradeira primeira. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor o día 1 de xullo de 2015.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase a Dirección Xeral da Función Pública para ditar as instrucións de desenvolvemento e aplicación desta orde que considere oportunas, así como para aprobar, de ser o caso, os modelos a que se deban suxeitar os actos e as comunicacións recollidos nesta orde.

Madrid, 19 de febreiro de 2015.–O ministro de Facenda e Administracións Públicas, Cristóbal Montoro Romero.

ANEXO

Ficheiro de datos persoais

- Nome do ficheiro: «Rexistro de órganos de representación do persoal e outros recursos sindicais».
- Finalidade e persoas ou colectivos incluídos: tratamento dos datos dos empregados públicos a que se refire a alínea b do artigo 4 desta orde, en relación cos actos recollidos no artigo 6; os datos estruturaránse nas seccións que se mencionan no seu artigo 4.
- Procedemento de recollida de datos: comunicacións da Dirección Xeral da Función Pública e dos órganos de persoal ao rexistro regulado nesta orde ministerial.
- Estrutura básica e sistema de tratamento: base de datos. Tipo de datos: DNI, NIE ou pasaporte, apelidos, nome e sexo. Datos de destino: ministerio ou organismo, unidade, posto de traballo que ocupa. Funcións: de representación ou sindicais. Sistema de tratamento: mixto.
- Cesión de datos: non está prevista.
- Responsable do ficheiro: Dirección Xeral da Función Pública.
- Unidade exercicio de dereitos: Dirección Xeral da Función Pública: r/ María de Molina, 50, 28071 Madrid.
- Nivel seguridade: alto.